

CATIVIÑO

Saber que a miña muller estaba embarazada foi pra min o celme da ledicia, puro aleteo na crus do peito. Ela é a muller máis boa que home poida atopar, non o digo eu só, que todos na aldea, e mesmo na vila, non deixan de louvala e abrairse con esa craridade que zumega coma orballo noviño. Amáis, non hai senón mirala nos ollos e na cara, nesa fondura azul que ún sabe non vai acadar endexamáis, nesa dozura de nena que non perdéu a inocencia. O que máis gosto nela é da albura solermiña da súa pel, da enxeleza das maos, do colo, dos tobelos e pes, que por máis que traballa levando as ovellas, lavando a roupa nas augas escasa do noso río e tendéndoa a contravento, basourando o noso humilde recuncho ou maquiando a leña para o lar, non deixa o seu corpo de ter un qué sei eu de vimio ou de miraxe. Ás veces, cando chego á casa do traballo, e véxoa alí á porta a coser ou pelala verdura pra o pote, parezme como reflexada nun vidro transparente e luido, ou ben en augas nitidas, tranquilas. Guíndame entón un sorriso doce no que revoan avelaiñas tenras tracidas pola súa lus. Non hai rifa posible coela, pois me acalma como choiva sobre da terra arrequecida. Por iso, cando soube do seu embarazo, tódolos gozos fixéronme leria nos adentros.

Foi, con todo, duro dabondo ó principio. Ela empezou a sofrer vágados e vertixes, e sempre que vía a súa mao de pomba crispa sobre da mesa ou do escano, a ollada perda por un intre, parecíame irreal aquela tensión, aquela anguria no encoro da súa figura. Trouxaba mesmo a miúdo, e entón eu pensaba que aqueles fel e fermentos fuxindo do seu corpo limpísimo non debían ser cousa boa de natureza.

Ó pouco, porén, pasaron eses tempos de vougos e engulos e viñeron outros de consumación, de plenitude. ¡ Cómo falar con verbas de a cotío dese sorriso de lúa chea, dese abalo das augas do ventre, da canle encheita en cada peito ! Unha beatitude máis ca anxélica dirixía os seus movementos, que tiñan unha sinuosidade detida e vexetal. A luce que lle rebordaba aumentara. O bandulliño mol das primeiras lúas ía medrando e arredondando, e un día de chuva increíblemente fresca, ela coma sempre angueirada, coma sempre eu ouservánda, arrandeándome nas súas maos que cosían para o rapaz, deu un pequeno pincho e sorriú estasiada. Ven, corre, ven, e fíxome poñerlle a orella no ventre e escoitar. Eu, é craro, non dei ouvido cousa, pro a partires de entón, as pancadiñas e moquetiños sucederon máis decididos a cada vez.

Có tempo, foi pandando máis e máis o quente e húmido abeiro do noso picariño. Víase que medraba na pel cada día máis tersa e leital. Ela comía moitísimo, embullaba cun anxeio que eu non lle coñecera (ela, que se mantiña a cotío de ar e nubes), pro aínda así os seus brazos e pernas e colo magrecían, ensumíanselle as fazulas, marcábaselle o óso da clavícula, os pulsos collíanselle cun anel e tiñan as maos cantos. Aínda daba, con todo, sensación de forza, coma unha corda fina pro trezada, que non hai quen a rache, e eu sentía, ó ollar pra ela, unha seguridade chea e primitiva, e sabía ela ser o meu alicerce.

Pouco a pouco, nembargantes, empezou a sentir molestias e cansanzo. Doéronlle os rins e a soá, notouse pesada e un chisco mouca, e os movementos do neno, dos que tanto disfrutáramos, comenzaron a amolala e mesmo mancala ás veces. A verdade foi que o nicrexíño movía coma un demo e a miña dona houbo de aturar auténticas marés de fondo ou movementos sísmicos , e xa lle aparecía un vulto aquí como acolá logo, ou escorría un outeiro dunha banda pra outra coma se unha toupá escavase por dentro. Ás veces pincháballo forte na entreperna ou sentía un afogo fondo no peito ou unha cambra seca polos cadrís pra abaixo, e entón ela encollía ou esticaba de súpeto, e púñanselle cruces mouras ás beiras dos ollos e dos beizos, e o cor do ventre na gorxa. Ó vela, loitaban en mi a magoa fondal polo seu sofrimento e o arruallo paterno pola vitalidade que o neno amosaba. Non para, ¿ non si ?,

dicíalle eu a xeito de consolo, e ela tentaba apoucadamente de sorrir.

Nas últimas semás parecêu verdadeiramente desenrolárselle unha loita anerga nos adentros, o neno querendo romper os seus límites naturais, ela sofrendo silandeira. Por fin, viu a luz, como se di, nunha noite extrañamente crara, na que as estrelas, nembargantes, facían furranchos polo ceo. Saiú dun pulo, máis seu que de ela, levando por diante canto atopaba, rachando á súa nai coma eu nunca imaxinara, e o silencio alporizado da noite co seu berro esgorxado. Cando a matrona saiú con el no colo, denantes de ollalo xa eu preguntara, ¿e ela ?, e batera co aceno dubidoso da parteira. Logo vino mouro e grandísimo, xa de ollos abertos e un xesto coma de aneiro na boca. Vale que eu son un chisquiño escuro, pro o cativo aquel, co seu pelo negro e abondoso, os ollos coma lama, semellaba vinculeiro da noite. Collino tordamente e aloumiñeino con agarimo, pro el era un peixe recién pescado e tensábase e vimbreaba nos meus brazos. Debe ter fame, penséi, e entréi no cuarto onde a miña muller aínda suaba e comenzaba a tremelicar violentamente. Non acore, dixo a comadrona, élle normal nestes casos, aínda que, na verdade, eu nunca vira un neno saír con tanta forza, e non lle sei se ela sandará de esa ferida. Eu entón olléi apampado para aquela desfeita sanguíñenta e graxa da entreperna finchada, e ela xa tresvariaba. Púxenlle, con todo, o neno ó peito, e el colleuse coma unha sambesuga, os dedíños, que xa tiñan unllas, beliscando as mamas, a boca zugando desesperadamente. Carallo cómo tira o mamoncete, dixen eu cun sorriso forzado. E carallo se tirou.

Disque hai nenos que non dan enganchado o peito da nai, que lles custa un ceo tiralo primeiro leite, que lle din calostro, pro afé que ese non foi o caso do noso pequeno. Dende o primeiro día parecêu non ter outro acougo que o peito dela, e aperrábase a el cunha arela anguriada, coma se todo o demáis non fose senón caos e dor. Ó principio, eu vía aquilo satisfeito polo debezo del, que se tiraba tempo e tempo colado ós tetos, pro ós poucos empecéi a sospeitar que se a miña señora, fontela do meu cor, custáballe tantísimo recuperarse do nacemento, era porque el estaba a lle chuchar ata o miolo dos ósos. Boh, andrómenas túas, dicíame Isabel, curmá dela que viña botar unha mao, ¿ti non sabes que as mulleres que crían sandan antes, seu parvo ? Pro eu torcía a boca dubidando, pois ben vía que aínda que a ferida fendida curara ó seu tempo, sen brume nin inficiós, a miña señora, o meu luar, ía mirrando, chuchándose a ollos vistas. A súa ollada percorría perda sabe Deus qué corredoiras. A súa pel branquexaba e esluía, e a luz que deluraba era por intres máis maimiña e maleable. Amáis, pola primeira vez desde eu a amaba, aquel arredor luminoso afastábaa de min, facía allea a súa presenza silandeira. Apenas pegaba lería cos visitantes que viñan coñecer ó neno, que eran moitos, por certo, pecoreiros dos arredores e mesmo xente da vila, eu non sei se pola sona dela ou pola del, que xa se escomenzaba a falar por aí do noso cativiño mouro e enorme. O lerio é que ela calaba, distante, illada, fronte as visitas e os galanos, e eu ouservabaa preocupado, anguriado mesmo, remoendo nos miolos que calado e doce combate se daba entre eles dous, aínda que ben é certo que, ó velo a el, cómo demo ía medrando tan sao e forte, pensaba que axiña deixaría a teta e a dona miña collería azos e folgos outra vez.

Non é cousa doada sacar un fillo adiante, sobre de todo se a nai vai doente e derreada, porque eu non sei se o bule-bule aquel, aquel, tiña fames eternas ou simplemente lecer por amolar, pro o lerio era que ás noites berraba como se lle remexesen as entrañas. Xa polo día non paraba quieto no berce, na verdá, daquí pra aló ollando pra todo moi serio e coma se entendese, pro segundo o silencio estendía a súa coberta negra pola aldea, o primeiro brado esgazaba as trebas, e pinchábame o cor con poutas. Eu entón corría atafegado pra ver de que non espertase á naiciña, e escomenzaba unha loita, ás veces ousesiva, por reduci-lo ó silencio, o que non era doado. Na verdade, aínda hoxe non sei o que acontecía realmente naquelas

noites noitébregas e lentas. Hei de recoñecer que por moito que o quixese, e tentase de darlle o meu cariño con agarimos e dondos aloumiños, unha cobra xorda íame medrando dentro ó longo das horas detidas, e era unha tortura. Coido agora que se daba unha loita tamén no seu corazón, tan cruel e demorada coma a do meu. Porque non era que el espertase e chorase abraiado perante o silencio e a escuridade, o que sería normal, senón que xemía e se laiaba dormido, de súpeto se enguruñaba como se lle doesen as tripas, pouteaba e escouceaba coma se afogase e tentaba doídamente de se coller ás abas do berce e se erguer. Grandes salaios e impedidos ceibaba pola gorxa enriba, e o seu rostriño esculpía gramuras comestas pola dor. ¿Qué combates librábanselle dentro? ¿Qué forzas defrontadas procuraban abeiro nel? ¿Qué correntes sumariñas remexíanlle o lixo dos adentros? Eu esculcaba abraiado aquela liorta interior, mentras as trebas chantaban tamén no meu esprito a súa cúpula soedosa, na que os berros del ecoaban. As horas escavaban coma miñocas no cugulo da noite. Eu trataba por tódolos xeitos de acalmalo, poñéndolle unha mao e acariñándoo, bercéndoo, cantando, falándolle, pro ¿cómo ía acougalo se nin xiquer daba acalado os meus propios nervos en flor, as electricas pinchadas da anguria, a lama fondal e pegañenta que me esbaraba polas paredes da ialma e íame tomando? ¿Remataría eu tamén naquela cadea? Era un alivio cristalino ouvir finalmente cómo a muller do meu cor erguía da cama e viña, a súa figura pantasmal e ida, poñelo ó peito, único xeito de que calase ó menos por uns intres.

Logo á mañá, o que pasara pola noite facíase moi, moi lonxao, bulrábame pra min mesmo das teimas que as trebas e os choros provocaban, hai que ver, pensaba, ¿cómo se tresvaría cando ún vai abafado pola escuridade e os nervos! ¿qué cousas se pensan, hai que ver!, e ría pra min acougado pola lus do día e quería outra vez. Sen embargo, é craro, andaba logo o día enteiro escaralladiño de todo polo taller, íbanseme as maos, e as pálpebras parecían chumbo. O cansanzo púñame un humor de cornos, arrepuñame ó primeiro que me falaba, e sentía por tódolos azos unha tensión xorda de terra recién queimada. Un día, non hai moito, el estaba coma sempre pendurado da teta cando a miña muller pegou un gritoño abraiado. Mireina chafucado e ela, cun sorriso mártir, xa ten dous dentes, dixo, mordéu no bico. ¿Mordéu?, ah, cabroncete, unha furia seca me tomara, ¿e non lle diches na boca? ¿Darlle? Si, darlle, darlle unha boa labazada, estoupéi, demo de neno, é que non podes ser tan branda con el, vas facer del un consentido, un..., un... ¿E non será que vas un chisquiño aciumado, meu ben?, retrucóu soavemente sen miga de ironía. ¿Aciumado? ¿eu?. Aquilo era o último, e entón sen control saíronme aldraxes e berros a cachón, ata que lle vin as bágoas encoradas tremelucindo nos ollos e ela dixo, ¿el non estaremos rifando, meu señor?, e eu baixéi a fronte avergoñado e acouguéi. ¿Dous dentes? ¿E cómo é que ten dous dentes? Se é moi noviño aínda. Xa, pro xa ves o adiantado e fortísimo que vai. ¿E cando é que lle saíron? Non o sei, de verdá, que me dá a min que foi dun día pra outro, así, de sorpresa. E pareceume entón, e agora sei que non foi unha alucinación, que el sorría retranqueiro.

Cos dentes, as liortas nouturnas teñen aumentado moitísimo a súa violencia, o que me fai tolear. Chega un momento en que non podoo xa máis. Amáis, agora xa el volveuse un perigo. Guíndase do berce abaixo e agatiña (foi tamén dun día pra outro)ós sitios máis riscosos, onde as ferramentas, ó lume, ó picho de fóra, tenta de agabear ós tallos e ten cabeza chea de croques (pro dos croques non chora, o condanado, que se ergue logo e continúa a ardillar por aí, como se reservase os choros pra a noite). Se o colles, túrrate das barbas, arrabúñate e te morde con esas paletas que son coma navallas afiadas. Ela, pola contra, vai cada día máis apática e aqueloutrada. Pra min, que lle chucha a ialma. As tetadas convertéronse tamén nunha tortura, pois ten os peitiños cheíños de grezas polas trabadelas del, e véxoa morder decote nos beizos pra aturar a dor, e non perde a ollada mansa, cartilaxinosa.

Chega un momento en que non podo xa máis, e despois do da outra noite sei que estou xa no colo da tolemia. Porque, ¿qué pode ser senón tolemia o que pasou? Hei fuxir, hei fuxir despois do da outra noite. Os berros e laios e saloucos chegaran ata a derradeira murada do escuro. Tremábame o pulso. Tiña os beizos resésigos. Ela seguía durmindo sen se decatar de nada. Ouvearon ó unísino os cas da aldea. Tentéi de aloumiñalo cunha mao crispa e atoutiñante. Non pasa nada, dixeran, non pasa nada, e entón el, enrabechado, revoltouse cara min coma unha tralla, arregañando os beizos coma lobo, os ollos encendidos e vermellos coma ferro candente, unha voz esgazada, fonda, allea, saíndo lenta do ventre coma fauce: “Verás se vai pasar”. E chimpóuseme ó colo o demo aquel coma vampiro. Chimpóuseme ó colo e afé que houbes de loitar pra mo tirar del e fuxir, fuxir estarrecido, estarrecido.

¿Qué hei facer agora? ¿Qué hei facer? Quero fuxir, quero fuxir, pois aínda que parez que leva o día enteiro calmo, ben véxoo eu ollar pra min esguellado e coma sorrir ou arregañar. Quero fuxir, ¿pro i ela? Quero irme de eiquí, liscar, deixar a carpinteiría e marchar a Exipto e esquencer. ¿Pro i ela? ¿Cómo hei deixar con este cativo do demo á miña mullere, a miña señora María?